

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 16 de xuño de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:**

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses coa única licitadora admitida. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con ela.

Entrégase o informe asinado pola xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía o 13 de xuño de 2022 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*".

A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, excluír a D<sup>a</sup>. BÁRBARA FIGUEROA CARIDE dos lotes 2, 3 e 4 por apartarse do modelo de proposición (artigos 139 da Lei 9/2017, do 8 de novembro e 84 do RD 1098/2001, do 12 de outubro) ao incorporar uns anexos que entran en contradición cos prezos ofertados, por apartarse do PPT nos lotes 2 e 4 e por introducir prezos condicionados ("*a concretar*") que poden exceder dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (lote 3) (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2C do PCAP).

En relación co lote 1, concédese un prazo de 3 días a D<sup>a</sup>. BÁRBARA FIGUEROA CARIDE para que indique que fotografías das enviadas no sobre A se corresponden con este lote.

**10.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:

- Sesión do 2 de xuño de 2022 polo que se acorda non admitir a D. MANUEL ROSARIO GONZÁLEZ dos lotes 1, 2, 3 e 4 deste procedemento por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación que remataba o 25 de maio de 2022 ás 23:59 horas, incumprindo o disposto na cláusula 15.1 do PCAP ("*A documentación presentarse dentro do prazo fixado no anuncio da licitación*").



Copia do documento - Concello de Vigo  
18923-101

Data impresión: 16/06/2022 14:39 Páxina 1 de 2  
CSV: AEA6A9-8B42E3-DDAHB7-JQ42P1-WHHC2K-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Sesión do 8 de xuño de 2022 polo que se acorda non admitir a D<sup>a</sup>. M. DESIRÉ PEREIRA MOREIRA (lotes 1 e 2) por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Sesión do 16 de xuño de 2022 pola que se acorda excluír a D<sup>a</sup>. BÁRBARA FIGUEROA CARIDE dos lotes 2, 3 e 4 por apartarse do modelo de proposición (artigos 139 da Lei 9/2017, do 8 de novembro e 84 do RD 1098/2001, do 12 de outubro) ao incorporar uns anexos que entran en contradición cos prezos ofertados, por apartarse do PPT nos lotes 2 e 4 e por introducir prezos condicionados ("a concretar") que poden exceder dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (lote 3) (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2C do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no lote 1 deste procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 " Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais"

	Licitador	Puntuación total
1	BÁRBARA FIGUEROA CARIDE	95 puntos

Terceiro.- Requerir á licitadora clasificada en primeiro lugar, BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (\*\*.\*66.65\*), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2022 14:39	Páxina 2 de 2
18923-101	CSV: AEA6A9-8B42E3-DDAHB7-JQ42P1-WHHC2K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		